



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY10VR	Expediente CON/10/2014	

### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 4 de agosto de 2014, ás 10 Horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D./Dª. Manuel Martínez Varela representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. Carlos Moure Vieiro, Tesoureiro Municipal

D. Luis Díaz Villarino, Xefe de Sección de Catastro e Censos

Dna. Ana Gago, Viceinterventora Xeral Municipal.

D. Jacobo López de Paz, Xefe de Área Rexional de Inspección da Xerencia Catastro de Galicia – A Coruña

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

#### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	18/07/2014	35.737	EIBISA NORTE SL
2	21/07/2014	35.941	ASESORES LOCALES CONSULTORIA SA (*)
3	21/07/2014	35.947	SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L.(*)
4	21/07/2014	35.949	LA AUXILIAR DE RECAUDACION S.L.(*)

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos, resultando que a empresa EIBISA NORTE presenta un só CD acompañando a súa documentación en formato papel, incumprindo o requirimento taxativo do prego a este respecto recollido na súa cláusula 6.6, que esixe dúas unidades idénticas, polo que a mesa, seguindo o criterio xa mantido en numerosas situacións análogas precedentes acontecidas noutras mesas celebradas neste Concello, acorda excluir esta oferta da licitación.

Así mesmo, a empresa ASESORES LOCALES CONSULTORIA non presenta debidamente asinada a súa proposición, incumprindo tamén o requirimento taxativo do prego recollido no último párrafo do apartado 6.6, onde se sinala claramente que esta circunstancia será motivo de exclusión da licitación, polo que a mesa, seguindo o criterio xa mantido en numerosas situacións análogas precedentes acontecidas noutras mesas celebradas neste Concello, acorda excluir esta oferta da licitación.

A mesa acorda o traslado da documentación das dúas ofertas admitidas ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Dependencias de urbanismo Concello de Santiago (antiga capela), 6 de novembro de 2014, ás 9:30 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D./Dª. Manuel Martínez representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. Carlos Moure Vieiro, Tesoureiro Municipal

D. Luis Díaz Villarino, Xefe de Sección de Catastro e Censos

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dña Elena Valladares en representación da empresa SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L., e D. Nicasio Breyjo en presentación de EIBISA NORTE SL

O secretario da mesa procede a dar conta da resolución do tribunal central de recursos contractuais aceptando o recurso especial en materia de contratación presentado pola empresa EIBISA NORTE contra a súa exclusión da licitación.

Procede polo tanto reincorporala o procedemento verificando en audiencia pública o cumprimento dos restantes requerimentos ós que se debe axustar a súa documentación técnica, concedéndolle, así mesmo, un prazo de tres días para subsanar a deficiencia observada.

Resultando que a súa oferta aparece debidamente asinada e que se axusta ó límite de folios marcado, e subsanada neste mesmo momento a deficiencia que motivou a súa exclusión inicial aportando un novo cd, de acordo co recollido na antedita resolución do tribunal central de recursos contractuais, a mesa acorda darlle traslado das ofertas ós técnicos municipais ós efectos da emisión do preceptivo informe valorativo dos criterios de adxudicación non avaliados en forma de cifras ou porcentaxes.

Ás 9:40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Dependencias de urbanismo Concello de Santiago (antiga capela),, 2 de marzo de 2015, ás 8:30 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Carlos Moure Vieiro, Tesoureiro Municipal

D. Luis Díaz Villarino, Xefe de Sección de Catastro e Censos

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

Dª Luisa Prego de Oliver, Xefa de Servizo da Asistencia xurídica

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. A mesa acorda por unanimidade dar a súa conformidade ó mesmo. Este informe acompáñase á presente acta.

Ás 8:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**





**ASUNTO: Informe técnico de Tesourería de avaliación das ofertas presentadas no expediente de contratación dos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014, respecto aos criterios de adxudicación do apartado 6.3 A) do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas**

O presente informe emítese en cumprimento do establecido na cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas (PCAPeT), tendo en conta o notorio retraso derivado da interposición e posterior resolución do recurso presentado por un dos licitadores.

A información remitida por Contratación para a avaliación foi o sobre número 2 das ofertas presentadas á licitación que, de acordo coa acta da mesa de contratación de 4/08/2014, corresponden a:

- o LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL
- o SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL
- o EIBISA NORTE SL

### **I.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

A cláusula 7.3 do PCAPeT prevé a avaliación inicial dos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependen dun xuízo de valor das ofertas presentadas segundo a documentación incluída no sobre nº 2.

#### **I.1.- AVALIACIÓN.**

A cláusula 6.3 A) do PCAPeT regula os criterios cuxa cuantificación dependen dun xuízo de valor, que corresponden co proceso completo e integrado de execución dos traballos (metodoloxía) con desglose de tarefas, e que desenvolve nos seguintes termos:

**6.3- Criterios de valoración.** Os criterios de valoración das ofertas que han de servir de base para a adxudicación serán os seguintes:

**A. Criterios cuxa cuantificación depende de xuízos de valor.**


**Proceso completo e integrado de execución dos traballos (metodoloxía) con desglose das tarefas,** ponderarase cun máximo de 40 puntos desglosados en:

- *procedemento de seguimento dos traballos de campo, 8 puntos.*
- *elaboración, control e seguimento dos datos gráficos, 8 puntos.*
- *elaboración, control e seguimento dos alfanuméricos, 8 puntos.*
- *procedemento de control e seguimento que garanta a correspondencia entre os datos gráficos e alfanuméricos, 8 puntos.*
- *proceso global de execución dos traballos, 8 puntos*

#### **I.2.- DOCUMENTACIÓN.**

Como criterios de avaliación empregamos os contidos no PCAPeT. En concreto a cláusula 6.6 do PCAPeT relativo á documentación presentada no sobre nº 2, obxecto de avaliación neste informe, di:

**6.6.- SOBRE Nº 2 Subtitulado: *Proposición relativa ós criterios de adxudicación A, cuxa cuantificación depende de xuízos de valor, para a licitación mediante***



**procedemento aberto, da contratación de TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN CON/10/2014**

*A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD no regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.*

*Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes **invalidará** automaticamente a oferta*

*Os licitadores incluirán neste sobre o compromiso firme e expreso do oferente de aplicar ao proceso de execución dos traballos descrito por el mesmo en relación aos puntos a que fai referencia o apartado A dos criterios de valoración.*

*Neste sobre non se incluirá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou as melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de **exclusión** da licitación.*

*Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.*

**II.- AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DA CLÁUSULA 6.3.A: PROCESO COMPLETO E INTEGRADO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS (METODOLOXÍA) CON DESGLOSE DE TAREFAS: 40 PUNTOS**

En conclusión, os criterios de avaliación utilizados neste informe están recollidos na cláusula 6.3 A do PCAPeT.

A cláusula 5 do PCAPeT establece que as prescricións técnicas son as recollidas no prego de prescricións técnicas de aplicación xeral aos traballos de actualización do catastro sobre bens inmobles urbanos e construcións en solo rústico aprobadas pola Subdirección Xeral de Valoración e Inspección.

A cláusula 19 do PCAPeT recolle as prescricións de aplicación a execución dos traballos propias do Concello.

Tendo en conta pois as prescricións de aplicación a execución dos traballos propias do Concello e as prescricións técnicas de aplicación xeral aos traballos de actualización do catastro sobre bens inmobles urbanos e construcións en solo rústico aprobadas pola Dirección Xeral do Catastro, a avaliación deste apartado realízase diferenciando os cinco apartados da cláusula 6.3 A) do PCAPeT.



**III.A.a/ PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO DOS TRABALLOS DE CAMPO. Ponderación máxima 8 puntos**

A avaliación deste apartado realízase:

1.- Non tomando en consideración as actuacións que son propias dos procedementos catastrais de revisión ou regularización que non son obxecto do contrato (Ex: recorrido por mazás, toma de fotos ou datos de toda construción, etc).

2.- Tomando en consideración segundo a súa intensidade: a.- a realización e consistencia dos traballos previos de gabinete que facilitan e melloran o posterior traballo en campo; b.- o tipo de equipos, elementos e materiais empregados no traballo de campo; c.- a metodoloxía do traballo de campo.

Con base nestas premisas:

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:**

.- Realiza un bo traballo de gabinete con obtención de información en fontes de información gráficas e alfanuméricas que prepara de xeito razoable o traballo de campo.

.- Emprega elementos, equipos e materiais adecuados no traballo de campo.

.- O traballo de campo e a súa metodoloxía, se ben mellorable, resulta satisfactoria

**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:**

.- Refírese a un traballo de revisión global (omisións e comprobacións) mais que a un traballo de verificación de declaracións e comunicacións o que distorsiona a proposta que realiza .

.- Consecuencia desta visión o traballo de gabinete é posterior ao traballo de campo e, en determinados supostos, esixe un segundo traballo de campo o que non resulta razoable nos traballos obxecto do contrato.

.- Non especifica de xeito detallado os elementos, equipos e materiais empregados no traballo de campo.


.- O traballo de campo e a súa metodoloxía parece moi manual –“anotación en plano de discrepancias” “grafar mediante cores as omisións”-.

**EIBISA NORTE SL:**

.- Prevé un excelente traballo de gabinete co emprego de múltiples fontes de información (ortofotos do sigpac georeferenciadas, as de bing de voos recentes, outros soportes de internet -Google maps, Google street view, pnoa-, fotografías existentes, FXCC antigos escanados, ...) que prepara de xeito moi consistente o traballo de campo.

.- Emprega modernos elementos, equipos e materiais para o traballo de campo, incluso cuadricópteros para toma de datos con fotografía aérea en lugares de difícil acceso.

.- O traballo de campo e a súa metodoloxía, son os apropiados ao obxecto do contrato.



**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A.a)**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	5
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	1
EIBISA NORTE SL	8

**III.A.b/ ELABORACIÓN, CONTROL E SEGUIMIENTO DOS DATOS GRÁFICOS. Ponderación máxima 8 puntos**

A avaliación deste apartado realízase:

1.- Non tomando en consideración: as actuacións que son propias dos procedementos catastrais de revisión ou regularización que non son obxecto do contrato; as meras reproducións literais de instrucións técnicas da Dirección Xeral do Catastro.

2.- Tomando en consideración a corrección da metodoloxía aplicada ao traballo cara a obter os mellores resultados e a automatización dos controis.

Con base nestas premisas:

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:**

- .- Presenta unha metodoloxía correcta na secuenciación das tarefas.
- .- Presenta adecuados controis ligados as ferramentas empregadas, así como as ferramentas de validación (para o FXCU1) da Dirección Xeral do Catastro
- .- Recolle algúns controis menos automatizados e mais susceptibles de erro (Ex: de calidade do traballo de debuxo)

**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:**

- .- Non describen propiamente un procedemento ou método de traballo, unha metodoloxía, mais ben recolle unha serie de funcionalidades e propiedades das aplicacións.
- .- Presenta controis ligados as ferramentas empregadas.
- .- Recolle algúns controis ou chequeos moi manuais propios dos traballos de revisión.

**EIBISA NORTE SL:**

- .- Presenta unha boa metodoloxía definindo con precisión o procedemento de traballo e a secuenciación das tarefas, que distribúe en tres fases.
- .- A propia metodoloxía contribúe de xeito significativo a impedir calquera erro.
- .- Presenta tamén adecuados controis ligados as ferramentas empregadas.

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A.b)**



<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	6
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	3
EIBISA NORTE SL	7

**III.A.c/ ELABORACIÓN, CONTROL E SEGUIMIENTO DOS DATOS ALFANUMÉRICOS. Ponderación máxima 8 puntos**

A avaliación deste apartado realízase:

1.- Non tomando en consideración: as actuacións que son propias dos procedementos catastrais de revisión ou regularización que non son obxecto do contrato; as meras reproducións literais de instrucións técnicas da Dirección Xeral do Catastro.

2.- Tomando en consideración a corrección da metodoloxía aplicada ao traballo cara a obter os mellores resultados e a automatización dos controis.

Con base nestas premisas:

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:**

- .- Fai unha presentación suficiente da metodoloxía.
- .- Presenta adecuados controis moi ligados as ferramentas empregadas.
- .- Emprega unha reprodución parcial da circular 07.04/10/P do Catastro .


**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:**

- .- Non describen propiamente un procedemento ou método de traballo, unha metodoloxía, mais ben recolle unha serie de funcionalidades e propiedades da aplicación.
- .- Presenta controis ligados as ferramentas empregadas.
- .- Recolle algúns controis ou chequeos para evitar e minimizar os erros.
- .- Faise mais acusada a percepción de que a proposta está pensada para traballos de revisión.

**EIBISA NORTE SL:**

- .- Presenta unha boa metodoloxía definindo con precisión o procedemento de traballo e a secuenciación das tarefas, que distribúe en tres fases.
- .- A propia metodoloxía contribúe de xeito significativo a impedir calquera erro.
- .- Presenta tamén adecuados controis ligados as ferramentas empregadas.

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A.c)**



<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	4
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	3
EIBISA NORTE SL	7

**III.A.d/ PROCEDIMIENTO DE CONTROL E SEGUIMIENTO QUE GARANTA A CORRESPONDENCIA ENTRE OS DATOS GRÁFICOS E ALFANUMÉRICOS. Ponderación máxima 8 puntos**

A avaliación deste apartado realízase:

1.- Non tomando en consideración: as actuacións que son propias dos procedementos catastrais de revisión ou regularización que non son obxecto do contrato; as meras reproducións literais de instrucións técnicas da Dirección Xeral do Catastro.

2.- Tomando en consideración a corrección da metodoloxía aplicada ao traballo cara a obter os mellores resultados e a automatización dos controis.

Con base nestas premisas:.

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:**

.- En canto ao procedemento se concentra na realización de dous tipos de cruces para buscar inconsistencias ou incoherencias: un na relación de parcelas; outro en locais e valores de superficie.

.- Prevé o emprego de aplicacións gráficas e alfanuméricas que se conectan permitindo intercambiar datos e facilitando a sincronización.

**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:**

.- En canto ao procedemento prevé a realización de cruce dos ficheiros FXCC e FIN2006, así como a validación dos FXCC con ferramentas de catastro SIGCA.

.- Prevé o emprego de aplicacións gráficas e alfanuméricas que dispoñen de funcións que aseguran a integridade dos datos.

.- Menciona outro tipo de controis que, a falta de maior precisión, se presumen manuais.

**EIBISA NORTE SL:**

.- En canto ao procedemento prevé a realización de tres procesos que validan a identidade entre ficheiros: (1) integridade das referencias catastrais; (2) control de superficies; (3) control de domicilios tributarios de FXCC con cartografía e alfanumérico.

.- Prevé o emprego de aplicacións gráficas e alfanuméricas que dispoñen de funcións que aseguran a integridade dos datos.

.- Ademais prevé a verificación de coincidencia entre ficheiro FXCC e FIN.

.- Se refire tamén a presentación de informe con ficheiro de incidencias en caso de no coincidencia de FXCC e cartografía por variación de parcelas colindantes



**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A.d)**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	4
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	4
EIBISA NORTE SL	8

**III.A.e/ PROCESO GLOBAL DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.**

**Ponderación máxima 8 puntos**

A avaliación deste apartado realízase:

1.- Non tomando en consideración: as actuacións que son propias dos procedementos catastrais de revisión ou regularización que non son obxecto do contrato; as meras reproducións literais de instrucións técnicas da Dirección Xeral do Catastro.

2.- Tomando en consideración a corrección do proceso global e integral de traballo cara a obter o mellor resultado no tempo estipulado nos pregos.

Con base nestas premisas:

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:**


- .- Acredita a implantación de sistemas de calidade (Ex: ISO 9001:2008).
- .- Realiza a descrición detallada do procedemento de traballo (proceso) e acompaña diagrama de fluxo. (Recolle no fluxo 3 instrucións técnicas se ben ao longo do documento menciona 4. Non reproduce as instrucións polo que non resulta posible pronunciarse sobre as mesmas)
- .- Especifica as actuacións e a súa secuencia, e tamén como se reflicten nas distintas aplicacións empregadas para a xestión dos expedientes.
- .- O proceso global está en consonancia co que se reflicte en cada dos apartados analizados por separado.

**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:**

- .- Realiza unha descrición do procedemento de traballo se ben non moi detallada.
- .- Especifica basicamente as actuacións e a súa secuencia.
- .- A descrición neste apartado está mais centrada nos traballos obxecto do contrato – tramitación de declaracións e comunicacións- que noutro tipo de traballos catastrais (revisión ou regularización).
- .- Reproduce en distintos apartados normas da circular da Dirección do Catastro 03.04/11/P que actualiza a da 07.04/10/P)

**EIBISA NORTE SL:**

- .- Realiza a descrición completa e detallada do procedemento de traballo (proceso) e acompaña diagrama de fluxo.



- Especifica con claridade tanto a información como a súa procedencia, detalla os equipos, elementos e medios a empregar, precisa as distintas actuacións e a súa secuencia.
- Presenta de xeito moi detallado o tratamento e xestión da información así como as funcionalidades das aplicacións neste tratamento e xestión.
- O proceso global está en consonancia co que se reflicte en cada dos apartados analizados por separado.

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A.e)**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	6
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	3
EIBISA NORTE SL	8

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A 2 PROCESO  
COMPLETO E INTEGRADO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLO  
(METODOLOXÍA) CON DESGLOSE DE TAREFAS**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	25
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	14
EIBISA NORTE SL	38

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

O TESOUREIRO

O XEFE DA SECCIÓN DE CATASTRO E CENSOS

Asdo: Carlos Moure Vieiro



Asp: Luís Díaz Villarino

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Dependencias de urbanismo Concello de Santiago (antiga capela), 5 de marzo de 2015, ás 8:30- Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. Carlos Moure Vieiro, Tesoureiro Municipal

D. Luis Díaz Villarino, Xefe de Sección de Catastro e Censos

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

D. Jacobo López de Paz, Xefe de Área Rexional de Inspección da Xerencia Catastro de Galicia – A Coruña

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dª Elena Valladares representante de SCI SL, D. Javier de Vega representante de La auxiliar de Recaudación SL e D. Nicasio Brey en representación de Eibisa Norte.

A Mesa de Contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	EIBISA NORTE SL	42,50
2	SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L.	42,35
3	LA AUXILIAR DE RECAUDACION S.L.	31,99

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 8.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Dependencias de urbanismo Concello de Santiago (antiga capela), 12 de marzo de 2015, ás 8:35 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.

D.. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D.. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Luis Díaz Villarino, Xefe de Sección de Catastro e Censos

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

D. Jacobo López de Paz, Xefe de Área Rexional de Inspección da Xerencia Catastro de Galicia – A Coruña.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador LA AUXILIAR DE RECAUDACION S.L.

D. Jacobo López de Paz, membro da mesa en representación da xerencia do catastro de Galicia- A Coruña, toma a palabra para deixar constancia de que, sen poñer en absoluto en dúbida a proposta de adxudicación, entende como unha condición do prego a mellorar para futuras licitacións, o feito de que tan só se esixa un compromiso de cumprimento dos criterios de adxudicación cualificados como "melloras", sen requirir documentación complementaria técnica descriptiva das mesmas, que tería unha finalidade de garantía do seu cumprimento.

D. Luis Díaz Vilaríño, xefe de sección de catastro e censos, que participou tanto na redacción dos pregos de aplicación como no informe valorativo das ofertas, sinala que, efectivamente, esta circunstancia xa foi apreciada e valorada á vista das ofertas presentadas polos técnicos redactores, e, con seguridade, incorporárase como condición de futuras licitacións.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa ASESORES LOCALES CONSULTORIA por non aportar debidamente asinada a súa proposición, incumprindo o requirimento taxativo do prego recollido no último párrafo do apartado 6.6, onde se sinala claramente que esta circunstancia será motivo de exclusión da licitación, dándose a opción de subsanación ao apoderado representante da empresa no acto público de apertura de ofertas, feito que non tivo lugar neste expediente dada a súa inasistencia a este acto.


**SEGUNDO:** Trasladar ao concelleiro delegado de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador LA AUXILIAR DE RECAUDACION S.L., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 26,44 euros máis 21% de IVE: 5,55 euros (prezo unitario total 31,99 euros) por cada ben inmueble urbano ou por cada inmueble rústico con construcións existentes que se actualice na base de datos, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como acredite a súa solvencia económica e técnica, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 8:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



**ASUNTO: Informe técnico de Tesourería de avaliación das ofertas presentadas no expediente de contratación dos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014, respecto aos criterios de adxudicación do apartado 6.3 A) do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas**

O presente informe emítese en cumprimento do establecido na cláusula 7.6 do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas (PCAPeT).

A información remitida por Contratación para a avaliación foi o sobre número 3 das ofertas presentadas á licitación que, de acordo coa acta da mesa de contratación de 4/08/2014, corresponden a:

- LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL
- SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL
- EIBISA NORTE SL

## **I.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

A cláusula 7.6 do PCAPeT prevé que: a Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime oportuna.

### **I.1.- AVALIACIÓN.**

A cláusula 6.3 B) do PCAPeT regula os criterios cuxa cuantificación non dependen dun xuízo de valor, que corresponden con:

2. **A oferta económica mais vantaxosa.** Ponderarase cun máximo de 40 puntos. Asignarase 40 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores.


$Puntuación = 40 \times (\text{baixa oferta} / \text{baixa máxima})$

Onde:

**Baixa oferta:** baixa da oferta que se puntúa respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais.

**Baixa máxima:** baixa da oferta que propón o importe menor de todas as ofertas respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais.

A efectos do establecido no artigo 152 do TRLCSP, identificarase como oferta desproporcionada ou anormal toda proposta económica inferior ao 80% da media aritmética das ofertas económicas aceptadas na licitación, ou ao 70% do presuposto base de licitación, excluído o IVA, para o caso de existir unha soa oferta admitida na licitación.



3. **Melloras do contrato.** Ponderarase ata un máximo de 20 puntos.
- Local en casco urbano próximo as dependencias dos servicios económicos municipais: 10 puntos.
  - Preparación en formato catastral das depuracións de enderezos tributarios e inclusión na base de datos catastral xunto coa entrega mensual: 1 puntos
  - Localización de omisións por contraste vuelos/cartografía catastro: 5 puntos.
  - Colaboración no proceso de localización de omisións por medios distintos ao contraste reflicitado no punto anterior, e preparación dos expedientes para inspección: 4 puntos.

#### **1.2.- DOCUMENTACIÓN.**

Como criterios de avaliación empregamos os contidos no PCAPeT. En concreto a cláusula 6.7 do PCAPeT relativo á documentación presentada no sobre nº 3, obxecto de avaliación neste informe, di:

**6.7.- SOBRE Nº 3** *Subtitulado: Proposición relativa ós criterios de adxudicación B, cuxa cuantificación non depende de xuízos de valor e oferta económica, para a licitación mediante procedemento aberto, da contratación de TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN CON/10/2014*


*A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD no regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 3), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.*

*Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos serán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes **invalidará** automaticamente a oferta*

*O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as oferta, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación, deberá indicarse, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido.*

*Os licitadores incluirán neste sobre a declaración responsable do oferente comprometéndose a realizar as melloras.*

## **II.- AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DA CLÁUSULA 6.3.B:**



**1. Oferta económica mais vantaxosa:**

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:** presenta unha oferta de 31,99 euros, o que supón unha baixa de 18,01€.

**Baixa oferta:** baixa da oferta que se puntúa respecto do presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais: 36,02%

**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:** presenta unha oferta de 42,35 euros, o que supón unha baixa de 7,65€.

**Baixa oferta:** baixa da oferta que se puntúa respecto do presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais: 15,30%.

**EIBISA NORTE SL:** presenta unha oferta de 42,50 euros, o que supón unha baixa de 7,50€.

**Baixa oferta:** baixa da oferta que se puntúa respecto do presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais: 15,00%.

**Baixa máxima:** baixa da oferta que propón o importe menor de todas as ofertas respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais. Neste caso a baixa máxima é de 36,02%.

A puntuación calcúlase polo produto:  $40 \times (\text{baixa oferta} / \text{baixa máxima})$ , o que dá lugar a:

**LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL:**  $40 \times (36,02\% / 36,02\%) = 40$  puntos.

**SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL:**  $40 \times (15,30\% / 36,02\%) = 16,99$  puntos.


**EIBISA NORTE SL:**  $40 \times (15,00\% / 36,02\%) = 16,66$  puntos.

A efectos do establecido no artigo 152 do TRLCSP, a media aritmética das ofertas económicas aceptadas na licitación foi de 32,19€, e o 80% deste valor é 25,75€ que é unha contía inferior a todas as ofertas presentadas, polo que non hai ningunha oferta económica desproporcionada ou anormal.

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.B.1)**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	40,00
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	16,99
EIBISA NORTE SL	16,66

**2. Melloras do contrato:**



**EIBISA NORTE SL:** se compromete a realizar todas as melloras que se describen no punto 6.3.B.2 "Melloras do contrato" do Prego de clausulas administrativas particulares do contrato referido, expoñendo o proceso a seguir para a execución das mesmas.

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.B.2)**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	20
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	20
EIBISA NORTE SL	20

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.B**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	60,00
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	36,99
EIBISA NORTE SL	36,66

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3.A 2 PROCESO  
COMPLETO E INTEGRADO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLO  
(METODOLOXÍA) CON DESGLOSE DE TAREFAS**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	25
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	14
EIBISA NORTE SL	38

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	85,00
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	50,99
EIBISA NORTE SL	74,66

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015

**RESUMO DE VALORACION DO APARTADO 6.3**

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS</b>
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL	85,00
SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL	50,99
EIBISA NORTE SL	74,66

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015

O TESOUREIRO

Asdo.: Carlos Moure Vieiro

O XEFE DA SECCIÓN DE CATASTRO E CENSOS

Asdo.: Luís Díaz Villarino

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYIOVR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 9 de abril de 2015, ás 10:45 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D.. Manuel Martínez Varela representante do grupo PP.

D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D. Luis Díaz, xefe de sección de catastro e censos.

D. Carlos Moure, tesoureiro Municipal

D. Jacobo López de Paz, xefe de área rexional de inspección da xerencia catastro de Galicia – A Coruña.

Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario, LA AUXILIAR DE RECAUDACION S.L, acordan que se emita un informe específico sobre o cumprimento dos requerimentos mínimos de solvencia técnica recollidos no prego de aplicación.

Ás 11 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

### ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.      **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 13 de maio de 2015, ás 9:50 Horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Ramón Quiroga Limia

**Vocales:** D. Manuel Martínez Varela representante do grupo PP.  
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Luis Díaz, xefe de sección de catastro e censos.  
D. Carlos Moure, tesoureiro municipal  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, proceden a analizar o contido do informe relativo á documentación acreditativa da solvencia técnica da empresa , **LA AUXILIAR DE RECAUDACION S.L.**, que literalmente indica:

**“ASUNTO: Informe técnico de Tesourería sobre o cumprimento dos requirimentos mínimos de solvencia técnica no expediente de contratación dos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014**

O presente informe emítase en cumprimento do acordado na mesa de contratación de 9/4/2015.

A información remitida por Contratación para a avaliación é a documentación específica aportada polo licitador proposto como adxudicatario -LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL-. Só é obxecto deste informe a documentación relativa ao apartado de acreditación da solvencia técnica.


#### **I.- CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

A cláusula 6.2.2 do PCAP regula os criterios mínimos de solvencia técnica que deben cumprir os licitadores, e di:

*“Polo que respecta á solvencia técnica, (acreditarse) por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP, establecéndose os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os licitadores:*

*- Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.*

*- Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.*



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY10VR	Expediente CON/10/2014	

- Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”

## **II.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN**

A cláusula 8.1 do PCAP establece:

“O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente por valor do 5% do importe de adxudicación, excluído IVE, así como da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar tal e como ven recollido no apartado 6.2.5 deste prego, se esta non fora solicitada anteriormente.

Reunida a mesa de contratación de novo ós efectos de cualificar esta documentación xeral presentada polo licitador proposto para adxudicación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a súa oferta.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais.

De non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”

## **III.- AVALIACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA**

Analízase a documentación presentada en relación con cada criterio de solvencia técnica esixido.


### **III.1.- Acreditación de traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas.**

Di o primeiro apartado dos criterios de solvencia técnica: “Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.”

De acordo con este criterio o requisito é que o contratista (1) teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013; e que (2) por ditos traballos teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos.”

A documentación presentada polo licitador é:

- 1.- certificado expedido polo Concello de A Coruña
- 2.- certificado expedido polo Concello de Vilagarcía de Arousa
- 3.- certificado expedido polo Concello de Oviedo



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI0VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

Analízase cada un dos certificados presentados en relación co citado criterio:

1.- certificado expedido polo Concello de A Coruña:

1.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención xenérica de adxudicación por "procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación del servicio en materia de gestión catastral asumidos por el Ayuntamiento en virtud del convenio de colaboración firmado con la Dirección General del Catastro Inmobiliario". Se ben pode que ese fora o texto da licitación, do enunciado non pode deducirse o obxecto do contrato para acreditar que se refire á actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas. Isto é, pode que inclúa alteracións físicas, xurídicas, colaboración en procedementos de valoración ou de inspección ou calquera cuestión que xestione o Concello de A Coruña. Pode que o contrato inclúa unha, varias ou todas as materias. A data de adxudicación do contrato foi o 10/7/2012

1.2.- consta a relación de facturas desde o 11/12/2012 a 4/7/2014, cós importes e o concepto. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

- Ano 2011: 0
- Ano 2012: 5.576,55 €
- Ano 2013: 105.446,64€

Non obstante, do texto das facturas relacionadas non pode deducirse en todos os casos que o importe facturado corresponde con alteracións físicas, que é o esixido polo prego, pois a maioría contén mencións xenéricas a "expedientes relativos a bienes inmuebles urbanos y rústicos", "tramitación de alteraciones de orden físico y económico y cambios de titularidad"; "servicios en materia de gestión catastral"... Só as facturas do ano 2013 003/AC2013; 004/AC2013; 005/AC2013 por importe total de 33.534,64 se refiren a alteracións físicas.

1.3.- consta que o contrato se está a desenvolver correctamente

2.- certificado expedido polo Concello de Vilagarcía de Arousa

2.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención xenérica de adxudicación do contrato de "asistencia técnica para la actualización y mantenimiento del catastro de urbana del Concello de Vilagarcía de Arousa". Ao igual que no caso anterior, se ben pode que ese fora o texto da licitación, do enunciado non pode deducirse o obxecto do contrato para acreditar que se refire á actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas. Isto é, pode que inclúa alteracións físicas, xurídicas, colaboración en procedementos de valoración ou de inspección ou calquera cuestión que xestione o Concello de Vilagarcía de Arousa. Pode que o contrato inclúa unha, varias ou todas as materias. A data de adxudicación do contrato foi o 17/8/2011


2.2.- consta o importe facturado dos anos 2012 a 2014. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

- Ano 2011: 0
- Ano 2012: 33.721,69€
- Ano 2013: 39.513,82€

Non obstante, non pode deducirse se o importe facturado corresponde con alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

2.3.- consta que a empresa realizou os servizos derivados do contrato axustándose ás obrigas derivadas do mesmo

3.- certificado expedido polo Concello de Oviedo



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CONY10VR	CON/10/2014	

3.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención xenérica de adxudicación do contrato de "servicio de colaboración para la gestión tributaria y recaudatoria de tributos y otros ingresos de derecho público que no impliquen ejercicio de autoridad ni custodia de fondos públicos". Do mesmo enunciado dedúcese que o obxecto do contrato é xenérico e comprende actuacións que nada teñen que ver co criterio de solvencia esixido pois, por exemplo, inclúe a colaboración en fase de recadación.

Parece que coa finalidade de limitar o certificado ao marco mais restrinxido da xestión catastral enumera tarefas de carácter catastral e outras mais ou menos conexas desenvoltas pola empresa no marco do contrato. Entre esas tarefas están as de alteracións físicas pero tamén as xurídicas, colaboración en actuacións de inspección, atención ao público nos procedementos de valoración colectiva ou parcial e colaboración na difusión do modelo de notificación electrónica e realización efectiva nos procedementos de valoración colectiva. Polo tanto, do propio certificado dedúcese que os traballos non só eran de alteracións físicas. A data de adxudicación do contrato foi o 1/12/2011. Consta que a mesma empresa desenvolveu o contrato baixo a mesma denominación desde o 1/1/2008 ata o 31/12/2011

3.2.- consta o importe facturado dos anos 2010 a 2013. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

- Ano 2011: 177.176,11€
- Ano 2012: 314.679,21€
- Ano 2013: 126.964,45€

O certificado di que é o importe facturado e aprobado polo servizo de xestión catastral que forma parte do obxecto do contrato. Non obstante, non pode deducirse se o importe facturado corresponde con alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

3.3.- non consta o grao de satisfacción no cumprimento do contrato

Como conclusión do apartado III.1, a xuízo dos que subscriben, non queda acreditado convenientemente o apartado 1 dos criterios de solvencia técnica xa que –agás as facturas que recolle o certificado do Concello de A Coruña do ano 2013 003/AC2013; 004/AC2013; 005/AC2013 por importe total de 33.534,64 que se refiren expresamente a alteracións físicas- os certificados dos Concellos de A Coruña, de Vilagarcía de Arousa, e de Oviedo non especifican con claridade que os importes facturados corresponden exclusivamente a traballos derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas.

Para o caso de que a mesa de contratación entenda que os certificados son válidos na súa integridade, nese caso cumprese a esixencia dos importes de acordo co seguinte cadro:


	2011 total	2012 total	2013 total	total
A Coruña	-	5.576,55	105.446,64	111.023,19
Vilagarcía	-	33.721,69	39.513,82	73.235,51
Oviedo	177.176,11	314.679,21	126.964,45	618.819,77
	177.176,11	353.977,45	271.924,91	803.078,47

### III.2.- Acreditación de equipo humano.

Di o segundo apartado dos criterios de solvencia técnica: "Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas"

A documentación presentada polo licitador inclúe a tres persoas, unha como delegado do contratista e outras dous como técnico catastral. De cada unha delas presenta:

- 1.- curriculum vitae
- 2.- vida laboral



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY10VR	Expediente CON/10/2014	

Respecto ao curriculum vitae, e sen dubidar da veracidade dos datos, é unha relación de títulos, idiomas e experiencia profesional non acreditada documentalmente. O informe de vida laboral só acredita a alta na Seguridade Social das citadas persoas, non a experiencia en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.

O propio texto do curriculum conclúe que unha das persoas (delegada do contratista) ten experiencia de técnico de xestión catastral en tramitación de recursos; outra ten experiencia en recadación tributaria –aínda que engade “nos departamento de xestión catastral”-; e a outra é gravadora de datos. Parece que so está última ten participado nos procesos de tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.

Como conclusión do apartado III.2, e a xuízo de quen subscribe, non queda acreditado convenientemente o apartado 2 dos criterios de solvencia técnica.

### III.3.- Acreditación de equipo técnico.

Di o terceiro apartado dos criterios de solvencia técnica: “Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”

A documentación presentada polo licitador inclúe:

- 1.- relación do equipo técnico
- 2.- copia das facturas de compra do equipo

Se ben esta valoración é mais propia do servizo de informática, as aplicacións informáticas son as recollidas na proposta presentada pola empresa que se estimaron oportunas para a realización dos traballos.

### IV.- CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN DOS REQUIRIMENTOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

En conclusión, e a xuízo dos que subscriben, polas deficiencias detectadas non queda acredita convenientemente a solvencia técnica nos termos sinalados na cláusula 6.2.2 do PCAP do expediente de contratación CON/10/2014”.

Matizado pola interventora municipal, que as referencias que se inclúen no informe ó obxecto do contrato entende que sería mas correcto referilas ás condicións do prego administrativo en xeral, e non unicamente ó obxecto, e amosándose conforme a mesa con contido do informe, acorda:

**Primero:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa **LA AUXILIAR DE RECAUDACION SL**, por non reunir os requisitos de solvencia técnica definidos na cláusula 6.2.2 do prego administrativo de aplicación.

**Segundo:** Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o acordo desta mesa, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó seguinte licitador en orde de puntuación **EIBISA NORTE SL.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 42,50 euros (incluíndo o IVE) por cada ben inmoible urbano ou por cada inmoible rústico con contrucións existentes que se actualice na base de datos, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como acredite a súa solvencia económica e técnica, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



**ASUNTO: Informe técnico de Tesourería sobre o cumprimento dos requirimentos mínimos de solvencia técnica no expediente de contratación dos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014**

O presente informe emítese en cumprimento do acordado na mesa de contratación de 9/4/2015.

A información remitida por Contratación para a avaliación é a documentación específica aportada polo licitador proposto como adxudicatario -LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN SL-. Só é obxecto deste informe a documentación relativa ao apartado de acreditación da solvencia técnica.

**I.- CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

A cláusula 6.2.2 do PCAP regula os criterios mínimos de solvencia técnica que deben cumprir os licitadores, e di:


*“Polo que respecta á solvencia técnica, (acreditarse) por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP, establecéndose os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os licitadores:*

- *Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.*
- *Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.*
- *Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”*

**II.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN**

A cláusula 8.1 do PCAP establece:

*“O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e*



*coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente por valor do 5% do importe de adxudicación, excluído IVE, así como da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar tal e como ven recollido no apartado 6.2.5 deste prego, se esta non fora solicitada anteriormente.*

*Reunida a mesa de contratación de novo ós efectos de cualificar esta documentación xeral presentada polo licitador proposto para adxudicación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a súa oferta.*

*Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais.*

*De non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”*

### **III.- AVALIACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA**

Analízase a documentación presentada en relación con cada criterio de solvencia técnica esixido.

#### **III.1.- Acreditación de traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas.**

*Dí o primeiro apartado dos criterios de solvencia técnica: “Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.”*

De acordo con este criterio o requisito é que o contratista (1) teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas durante os últimos tres



exercicios 2011, 2012 e 2013; e que (2) por ditos traballos teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos.”

A documentación presentada polo licitador é:

- 1.- certificado expedido polo Concello de A Coruña
- 2.- certificado expedido polo Concello de Vilagarcía de Arousa
- 3.- certificado expedido polo Concello de Oviedo

Analízase cada un dos certificados presentados en relación co citado criterio:

1.- certificado expedido polo Concello de A Coruña:

1.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención xenérica de adxudicación por *“procedimiento abierto con diversos criterios de valoración para la contratación del servicio en materia de gestión catastral asumidos por el Ayuntamiento en virtud del convenio de colaboración firmado con la Dirección General del Catastro Inmobiliario”*. Se ben pode que ese fora o texto da licitación, do enunciado non pode deducirse o obxecto do contrato para acreditar que se refire á actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicacións catastrais de alteracións físicas. Isto é, pode que inclúa alteracións físicas, xurídicas, colaboración en procedementos de valoración ou de inspección ou calquera cuestión que xestione o Concello de A Coruña. Pode que o contrato inclúa unha, varias ou todas as materias. A data de adxudicación do contrato foi o 10/7/2012

1.2.- consta a relación de facturas desde o 11/12/2012 a 4/7/2014, cós importes e o concepto. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

- Ano 2011: 0
- Ano 2012: 5.576,55 €
- Ano 2013: 105.446,64€

Non obstante, do texto das facturas relacionadas non pode deducirse en todos os casos que o importe facturado corresponde con alteracións físicas, que é o esixido polo prego, pois a maioría contén mencións xenéricas a *“expedientes relativos a bienes inmuebles urbanos y rústicos”, “tramitación de alteraciones de orden físico y económico y cambios de titularidad”; “servicios en materia de gestión catastral”*... Só as facturas do ano 2013 003/AC2013; 004/AC2013; 005/AC2013 por importe total de 33.534,64 se refiren a alteracións físicas.

1.3.- consta que o contrato se está a desenvolver correctamente

2.- certificado expedido polo Concello de Vilagarcía de Arousa

2.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención xenérica de adxudicación do contrato de "asistencia técnica para la actualización y mantenimiento del catastro de urbana del Concello de Villagarcía de Arousa". Ao igual que no caso anterior, se ben pode que ese fora o texto da licitación, do enunciado non pode deducirse o obxecto do contrato para acreditar que se refire á actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas. Isto é, pode que inclúa alteracións físicas, xurídicas, colaboración en procedementos de valoración ou de inspección ou calquera cuestión que xestione o Concello de Vilagarcía de Arousa. Pode que o contrato inclúa unha, varias ou todas as materias. A data de adxudicación do contrato foi o 17/8/2011

2.2.- consta o importe facturado dos anos 2012 a 2014. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

- Ano 2011: 0
- Ano 2012: 33.721,69€
- Ano 2013: 39.513,82€

Non obstante, non pode deducirse se o importe facturado corresponde con alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

2.3.- consta que a empresa realizou os servizos derivados do contrato axustándose ás obrigas derivadas do mesmo

### 3.- certificado expedido polo Concello de Oviedo

3.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención xenérica de adxudicación do contrato de "servicio de colaboración para la gestión tributaria y recaudatoria de tributos y otros ingresos de derecho público que no impliquen ejercicio de autoridad ni custodia de fondos públicos". Do mesmo enunciado dedúcese que o obxecto do contrato é xenérico e comprende actuacións que nada teñen que ver co criterio de solvencia esixido pois, por exemplo, inclúe a colaboración en fase de recadación.

Parece que coa finalidade de limitar o certificado ao marco mais restrinxido da xestión catastral enumera tarefas de carácter catastral e outras mais ou menos conexas desenvoltas pola empresa no marco do contrato. Entre esas tarefas están as de alteracións físicas pero tamén as xurídicas, colaboración en actuacións de inspección, atención ao público nos procedementos de valoración colectiva ou parcial e colaboración na difusión do modelo de notificación electrónica e realización efectiva nos procedementos de valoración colectiva. Polo tanto, do propio certificado dedúcese que os traballos non só eran de alteracións físicas. A data de adxudicación do contrato foi o 1/12/2011. Consta que a mesma empresa desenvolveu o contrato baixo a mesma denominación desde o 1/1/2008 ata o 31/12/2011

3.2.- consta o importe facturado dos anos 2010 a 2013. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

- Ano 2011: 177.176,11€
- Ano 2012: 314.679,21€
- Ano 2013: 126.964,45€

O certificado di que é o importe facturado e aprobado polo servizo de xestión catastral que forma parte do obxecto do contrato. Non obstante, non pode deducirse se o importe facturado corresponde con alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

3.3.- non consta o grao de satisfacción no cumprimento do contrato

Como conclusión do apartado III.1, a xuízo dos que subscriben, non queda acreditado convenientemente o apartado 1 dos criterios de solvencia técnica xa que –agás as facturas que recolle o certificado do Concello de A Coruña do ano 2013 003/AC2013; 004/AC2013; 005/AC2013 por importe total de 33.534,64 que se refiren expresamente a alteracións físicas- os certificados dos Concellos de A Coruña, de Vilagarcía de Arousa, e de Oviedo non especifican con claridade que os importes facturados corresponden exclusivamente a traballos derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas.

Para o caso de que a mesa de contratación entenda que os certificados son válidos na súa integridade, nese caso cúmprese a esixencia dos importes de acordo co seguinte cadro:

	2011 total	2012 total	2013 total	total
A Coruña	-	5.576,55	105.446,64	111.023,19
Vilagarcía	-	33.721,69	39.513,82	73.235,51
Oviedo	177.176,11	314.679,21	126.964,45	618.819,77
	177.176,11	353.977,45	271.924,91	803.078,47

### **III.2.- Acreditación de equipo humano.**

Di o segundo apartado dos criterios de solvencia técnica: *“Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas”*

A documentación presentada polo licitador inclúe a tres persoas, unha como delegado do contratista e outras dous como técnico catastral. De cada unha delas presenta:

- 1.- curriculum vitae
- 2.- vida laboral

Respecto ao curriculum vitae, e sen dubidar da veracidade dos datos, é unha relación de títulos, idiomas e experiencia profesional non acreditada documentalmente. O informe de vida laboral só acredita a alta na Seguridade Social das citadas persoas, non a experiencia en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.

O propio texto do curriculum conclúe que unha das persoas (delegada do contratista) ten experiencia de técnico de xestión catastral en tramitación de recursos; outra ten experiencia en recadación tributaria –aínda que engade “nos departamento de xestión catastral”-; e a outra é gravadora de datos. Parece que so está última ten participado nos procesos de tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.

Como conclusión do apartado III.2, e a xuízo de quen subscribe, non queda acreditado convenientemente o apartado 2 dos criterios de solvencia técnica.

### **III.3.- Acreditación de equipo técnico.**

Di o terceiro apartado dos criterios de solvencia técnica: *“Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”*

A documentación presentada polo licitador inclúe:

- 1.- relación do equipo técnico
- 2.- copia das facturas de compra do equipo

Se ben esta valoración é mais propia do servizo de informática, as aplicacións informáticas son as recollidas na proposta presentada pola empresa que se estimaron oportunas para a realización dos traballos.

### **IV.- CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN DOS REQUIRIMENTOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

En conclusión, e a xuízo dos que subscriben, polas deficiencias detectadas non queda acredita convenientemente a solvencia técnica nos termos sinalados na cláusula 6.2.2 do PCAP do expediente de contratación CON/10/2014

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2015

O TESOUREIRO

O XEFE DA SECCIÓN DE CATASTRO E CENSOS

Asdo.: Carlos Moure Vieiro



Asdo.: Luís Díaz Villarino

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI0VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**ACTA DA 8ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 8 de xullo de 2015, ás 10:55 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D<sup>a</sup> María Rozas Pérez

**Vocales:**


- D. Rafa Peña, representante do grupo CA
- D. Alejandro Sanchez Brunete representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Luis Díaz, xefe de sección de catastro e censos.
- D. Carlos Moure, tesoureiro municipal.
- D<sup>a</sup> Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario, **EIBISA NORTE SL.**, acordan que se emita un informe específico sobre o cumprimento dos requirimentos mínimos de solvencia técnica recollidos no prego de aplicación.

Ás 11:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACÉ  
O/A PRÉSIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY10VR	Expediente CON/10/2014	

## ACTA DA 9ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de contratación do Concello de Santiago, 15 de xullo de 2015, ás 9:05 horas.

### **ASISTENTES:**

#### **Presidenta:**

D<sup>a</sup> María Rozas Pérez

#### **Vocais:**

- D. Xan Duro, representante do grupo CA
- D. Alejandro Sanchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Jacobo López de Paz, xefe de área rexional de inspección da xerencia catastro de Galicia – A Coruña
- D. Carlos Moure, tesoureiro municipal.
- D<sup>a</sup> Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

#### **Secretario:**

D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, proceden a analizar o contido do informe relativo á documentación acreditativa da solvencia técnica da empresa **EIBISA NORTE SL**, que literalmente indica:

**“ASUNTO: Informe técnico de Tesourería sobre o cumprimento dos requirimentos mínimos de solvencia técnica no expediente de contratación dos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014**

O presente informe emítese en cumprimento do acordado na mesa de contratación de 8/7/2015.

A información remitida por Contratación para a avaliación é a documentación específica aportada polo licitador proposto como adxudicatario –EIBISA NORTE SL-. Só é obxecto deste informe a documentación relativa ao apartado de acreditación da solvencia técnica.

### I.- CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

A cláusula 6.2.2 do PCAP regula os criterios mínimos de solvencia técnica que deben cumprir os licitadores, e di:

*“Polo que respecta á solvencia técnica, (acreditarase) por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP, establecéndose os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os licitadores:*

*- Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011,*



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.

- Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.

- Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”

## **II.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN**

A cláusula 8.1 do PCAP establece:

“O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente por valor do 5% do importe de adxudicación, excluído IVE, así como da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar tal e como ven recollido no apartado 6.2.5 deste prego, se esta non fora solicitada anteriormente.

Reunida a mesa de contratación de novo ós efectos de cualificar esta documentación xeral presentada polo licitador proposto para adxudicación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a súa oferta.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais.

De non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”

## **III.- AVALIACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA**

Análzase a documentación presentada en relación con cada criterio de solvencia técnica esixido.

### **III.1.- Acreditación de traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas.**

Di o primeiro apartado dos criterios de solvencia técnica: “Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.”

De acordo con este criterio o requisito é que o contratista (1) teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas durante os



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CONY10VR	Expediente CON/10/2014	

últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013; e que (2) por ditos traballos teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos.”

A documentación presentada polo licitador é:

- 1.- certificado expedido polo Concello de Santiago de Compostela
- 2.- certificado expedido pola Deputación de A Coruña
- 3.- certificado expedido polo Concello de Ferrol
- 4.- certificado expedido pola Deputación de Pontevedra

Analízase cada un dos certificados presentados en relación co citado criterio:

1.- certificados expedidos polo Concello de Santiago de Compostela:

1.1.- respecto ao obxecto do contrato: o primeiro certificado contén unha mención a que, con data de 29 de decembro de 2009 foi adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL o *contrato administrativo de servizos para a ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS E RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN*, constituíndo o obxecto do contrato: “A actualización da base de datos catastral mediante: a tramitación das alteracións catastrais que se declaren nos correspondentes modelos T22 (902N), T23 (903N) e T24 (904N) presentados no Concello de Santiago de Compostela; así como a tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.c do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tamén constituirá obxecto deste contrato se o Concello por Ordenanza fiscal varía o sistema de incorporación a tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.b do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Actualizarase a base de datos catastral mediante a descrición catastral dos bens inmobles que comprenderá as súas características físicas, económicas, e xurídicas, e que consistirá na elaboración e axuste da cartografía catastral, na incorporación dos inmobles, e na concordancia entre as bases de datos gráfica e alfanumérica”.

O segundo certificado contén unha mención a que, con data de 16 de outubro de 2013 foi adxudicado á Empresa EIBISA NORTE SL, o contrato administrativo de servizos para a TRAMITACIÓN DA DECLARACIÓN CATASTRAL DE ALTA POR OBRA PRESENTADA POR AENA EN RELACIÓN AO NOVO AEROPORTO DE LAVACOLLA.

En ambos casos o obxecto do contrato é a actualización da base de datos catastral derivada da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas.

1.2.- constan os importes facturados pola empresa nos exercicios 2011, 2012 e 2013 por traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteración físicas ascenden a 291.657,92€ (IVE incluído), segundo o seguinte desglose:

-Año 2011: 87.847,33€.

-Año 2012: 113.592,85€.

-Año 2013: 90.217,74€.

Os certificados aportados refírense exclusivamente á tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas polo que deben terse en conta para acreditar o cumprimento do requisito de solvencia

1.3.- consta que os servizos prestados son eficaces e a plena satisfacción, e a colaboración existente entre o persoal de ambas entidades foi óptimo

2.- certificado expedido pola Deputación de A Coruña

2.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención a que, con data de 10 de xuño de 2010, foi adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL o contrato 114/2010 de CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E CONSTRUCCIÓN E SOLO RÚSTICO, e con data de 3 de xuño de 2011 foi aprobada a prórroga do mesmo, que se formalizou no contrato 97/2011; fai constar a facturación total dos citados contratos, nos anos 2011, 2012 e 2013,



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

correspondente ás unidades tramitadas por expedientes de alteracións de orde físico e económico (902N, 903N e 904N).

2.2.- consta a relación de facturas desde o 20 de xaneiro de 2011 ata o 22 de outubro de 2012 cos seus respectivos importes, resultando que o importe facturado cada ano é:

-Año 2011: 562.159,08€  
-Año 2012: 426.374,44€  
-Año 2013: 0,00€

O certificado aportado refírese exclusivamente á tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas polo que deben terse en conta para acreditar o cumprimento do requisito de solvencia

2.3.- consta que a empresa realizou os traballos obxecto dos contratos consonte ás especificacións do Prego de Condicións Particulares que rexen os mesmos.

### 3.- certificado expedido polo Concello de Ferrol

3.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado fai constar que a entidade EIBISA NORTE SL ostenta a condición de adxudicataria do procedemento aberto sobre "servizo de xestión de altas e modificacións das bases de datos da Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña"

Do mesmo enunciado dedúcese que o obxecto do contrato é xenérico e pode comprender actuacións distintas a tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas. Así dentro das modificacións das bases de datos da Xerencia tamén se inclúen as alteracións de orde xurídico.

3.2.- consta o importe facturado polo contrato a que fai referencia o punto anterior nos anos 2011 a 2013. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

-Año 2011: 21.499,08€  
-Año 2012: 59.477,88€  
-Año 2013: 28.190,58€

O certificado presentado refírese a xestión de altas e modificacións das bases de datos da Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña, sen distinguir os distintos tipos de modificacións polo que non pode deducirse que todo o importe facturado corresponde a tramitación de alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

3.3.- en canto á prestación do servizo, en todos os casos foi satisfactorio, sen que conste a día de hoxe ningunha incidencia nin devolución por parte da Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña.

### 4.- certificado expedido pola Deputación de Pontevedra

4.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención a que: Con data de 7 de maio de 2009, foi adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL o contrato "consultoría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión e Recadación dos Recursos Locais (ORAL) da Deputación Provincial de Pontevedra se desenvolven as funcións públicas de xestión catastral consecuencia do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral asinado o 13 de xuño de 2001, entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra, así como a súa posible modificación ou ampliación" e o período de duración do mesmo foi de dous anos, rematando dito contrato o 2 de xuño de 2012. No momento de emitir o certificado está vixente o contrato, adxudicado o 4 de setembro de 2012, de "servizo de consultoría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión e Recadación dos Recursos Locais (ORAL) da Deputación Provincial de Pontevedra se desenvolven as funcións públicas de xestión catastral consecuencia do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral asinado o 13 de xuño de 2001, entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra, así como a súa posible modificación ou ampliación"

Fai constar, para ambos, que os servizos contratados consisten en labores de actualización e mantemento catastral que abarcan, entre outros, as seguintes tarefas:

.- Tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde xurídico (transmisións de dominio – modelo 901N).

.- Tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde físico e económico (modelos 902N, 903N e 904N).



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CONY10VR	CON/10/2014	

- Actuacións de atención ao público en procesos de revisión catastral (así como cando sexa requirido polo ORAL).
- Realización de estudos de mercado, cando así sexa solicitado pola Xerencia Territorial correspondente consonte aos requirimentos solicitados.
- Identificación e localización de diseminados que están tributando e non dispoñan de FXCC (en colaboración coa Xerencia/Subxerencia Territorial do Catastro).

Tamén se inclúe no certificado que o 6 de setembro de 2013 foi adxudicado a EIBISA NORTE SL o contrato de "servizo de asesoramento e colaboración material na regularización e actualización dos padróns fiscais, mediante procesos de inspección tributaria, das taxas delegadas polos concellos de Gondomar, Silleda, Pontearreas e a Mancomunidade do Morrazo", levando a cabo as seguintes actuacións:

- A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o cumprimento daqueles feitos ignorados pola Administración, a fin de incrementar o padrón de altas censuais.
- A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios a fin de propoñer as modificacións que impliquen no seu caso, a un cambio de titular, modificación da cota ou ambas.
- A realización de actuacións de obtención de información relacionada coa aplicación de tributos, aportando todos aqueles documentos que formen a proba sobre a que o órgano competente adoptará as resolucións oportunas.

4.2.- consta o importe total facturado polo contrato a que fai referencia o punto anterior nos anos 2011 a 2013.

-Ano 2011:	198.185,66€
-Ano 2012:	133.839,83€
-Ano 2013:	354.010,90€

Fai constar así mesmo que o importe facturado por atención ao público, identificación de diseminados e taxas ascende a:

-Ano 2011:	11.877,08€
-Ano 2012:	4.669,22€
-Ano 2013:	95.857,60€

O certificado presentado refírese ao importe total facturado polos tres contratos incluídos no mesmo, e aínda que desglosa a parte facturada por actuacións de atención ao público en procesos de revisión catastral, por identificación e localización de diseminados e por Taxas, a contía restante correspondería a tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde xurídico, tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde físico e económico (modelos 902N, 903N e 904N) e a realización de estudos de mercado, polo que non pode deducirse que o importe facturado correspondente integramente con alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

4.3.- non consta o grao de satisfacción no cumprimento do contrato

Como conclusión do apartado III.1, a xuízo dos que subscriben, non queda acreditado convenientemente o apartado 1 dos criterios de solvencia técnica xa que so se pode ter en conta a facturación que recollen os certificados do Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de A Coruña -que se refiren expresamente a alteracións físicas- pero non os certificados do Concello Ferrol, e da Deputación de Pontevedra -non especifican con claridade que os importes facturados corresponden exclusivamente a traballos derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas- polo que se ben se acredita o mínimo de 600.000 euros no conxunto dos tres anos e o mínimo de 150.000 nos anos 2011 e 2012, no ano 2013 o importe non chega a 150.000€ limitándose aos 90.217,74€ facturados ao Concello de Santiago de Compostela.

Para o caso de que a mesa de contratación entenda que os certificados son válidos na súa integridade, nese caso cumprese a esixencia dos importes de acordo co seguinte cadro:

	2011	2012	2013	total
Santiago de Compostela	87.847,33€	113.592,85€	90.217,74€	291.657,92€
Deputación da Coruña	562.159,08€	426.374,44€	0,00€	988.533,52€

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CONY10VR	CON/10/2014	

Ferrol	21.499,08€	59.477,88€	28.190,58€	109.167,54€
Deputación Pontevedra	186.308,58€	129.170,61€	258.153,30€	573.632,49€
	857.814,07€	728.615,78€	376.561,62€	1.962.991,47€

### **III.2.- Acreditación de equipo humano.**

Di o segundo apartado dos criterios de solvencia técnica: *“Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas”*

A documentación presentada polo licitador inclúe unha declaración responsable de que o persoal adscrito á execución dos traballos ten mais de tres anos de experiencia en traballos de actualización da base de datos catastral derivada da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas e presenta un equipo de cinco persoas, un especialista en urbanística e xestión do solo, un enxeñeiro informático, un técnico do departamento de tipificación e de control de calidade nos procesos de dixitalización e elaboración do FXCC, un enxeñeiro técnico do departamento de campo e unha delineante experta en procesos de dixitalización e análise ortofotométrico. De cada unha delas presenta:

- 1.- curriculum vitae
- 2.- NIF
- 3.- vida laboral

O informe de vida laboral acredita a alta na Seguridade Social das citadas persoas durante un período superior a tres anos.

Da información contida no currículo despréndese que todos os membros do equipo proposto teñen a experiencia esixida en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas

Como conclusión do apartado III.2, e a xuízo de quen subscribe, queda acreditado convenientemente o apartado 2 dos criterios de solvencia técnica.

### **III.3.- Acreditación de equipo técnico.**

Di o terceiro apartado dos criterios de solvencia técnica: *“Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”*

A documentación presentada polo licitador inclúe:

- 1.- relación de elementos de hardware que se adscriben ao proxecto.
- 2.- copia das facturas de compra do equipo a que fai referencia o punto anterior
- 3.- a relación software propio así como o correspondente manual de usuario

Se ben esta valoración é mais propia do servizo de informática, as aplicacións informáticas son as recollidas na proposta presentada pola empresa que se estimaron oportunas para a realización dos traballos.

## **IV.- CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN DOS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

En conclusión, e a xuízo dos que subscriben, polas deficiencias detectadas non queda acreditada convenientemente a solvencia técnica nos termos sinalados na cláusula 6.2.2 do PCAP do expediente de contratación CON/10/2014”.

Polo tanto, amosándose conforme a mesa con contido do informe, acorda:


<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

**Primero:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa **EIBISA NORTE SL**, por non reunir os requisitos de solvencia técnica definidos na cláusula 6.2.2 do prego administrativo de aplicación.

**Segundo:** Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o acordo desta mesa, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó seguinte licitador en orde de puntuación **SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL**, que oferta un importe de 42,35 euros (incluíndo o IVE) por cada ben inmovible urbano ou por cada inmovible rústico con contruuccions existentes que se actualice na base de datos, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como acredite a súa solvencia económica e técnica, e proceda ó aboamento da fianza, **taxas** e timbres municipais correspondentes.

Ás 09:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O/A PRÉSIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**





**ASUNTO: Informe técnico de Tesourería sobre o cumprimento dos requirimentos mínimos de solvencia técnica no expediente de contratación dos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014**

O presente informe emítese en cumprimento do acordado na mesa de contratación de 8/7/2015.

A información remitida por Contratación para a avaliación é a documentación específica aportada polo licitador proposto como adxudicatario –EIBISA NORTE SL-. Só é obxecto deste informe a documentación relativa ao apartado de acreditación da solvencia técnica.

**I.- CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

A cláusula 6.2.2 do PCAP regula os criterios mínimos de solvencia técnica que deben cumprir os licitadores, e di:

*“Polo que respecta á solvencia técnica, (acreditarse) por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP, establecéndose os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os licitadores:*

- *Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.*
- *Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.*
- *Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”*

**II.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN**

A cláusula 8.1 do PCAP establece:



*“O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente por valor do 5% do importe de adxudicación, excluído IVE, así como da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar tal e como ven recollido no apartado 6.2.5 deste prego, se esta non fora solicitada anteriormente.*

*Reunida a mesa de contratación de novo ós efectos de cualificar esta documentación xeral presentada polo licitador proposto para adxudicación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contívese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a súa oferta.*

*Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais.*


*De non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”*

### **III.- AVALIACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA**

Analízase a documentación presentada en relación con cada criterio de solvencia técnica esixido.

#### **III.1.- Acreditación de traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral derivados da tramitación de declaracións o comunicación catastrais de alteracións físicas.**

Di o primeiro apartado dos criterios de solvencia técnica: *“Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente onde conste expresamente o obxecto*



*do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.”*

De acordo con este criterio o requisito é que o contratista (1) teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013; e que (2) por ditos traballos teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos.”

A documentación presentada polo licitador é:

- 1.- certificado expedido polo Concello de Santiago de Compostela
- 2.- certificado expedido pola Deputación de A Coruña
- 3.- certificado expedido polo Concello de Ferrol
- 4.- certificado expedido pola Deputación de Pontevedra

Analízase cada un dos certificados presentados en relación co citado criterio:

1.- certificados expedidos polo Concello de Santiago de Compostela:

1.1.- respecto ao obxecto do contrato: o primeiro certificado contén unha mención a que, con data de 29 de decembro de 2009 foi adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL o *contrato administrativo de servizos para a ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS E RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN*, constituíndo o obxecto do contrato: “A actualización da base de datos catastral mediante: a tramitación das alteracións catastrais que se declaren nos correspondentes modelos T22 (902N), T23 (903N) e T24 (904N) presentados no Concello de Santiago de Compostela; así como a tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.c do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tamén constituirá obxecto deste contrato se o Concello por Ordenanza fiscal varía o sistema de incorporación a tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.b do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Actualizarase a base de datos catastral mediante a descrición catastral dos bens inmobles que comprenderá as súas características físicas, económicas, e xurídicas, e que consistirá na elaboración e axuste da cartografía catastral, na incorporación dos inmobles, e na concordancia entre as bases de datos gráfica e alfanumérica”.

O segundo certificado contén unha mención a que, con data de 16 de outubro de 2013 foi adxudicado á Empresa EIBISA NORTE SL, o contrato administrativo de servizos para a *TRAMITACIÓN DA DECLARACIÓN*

CATASTRAL DE ALTA POR OBRA PRESENTADA POR AENA EN RELACIÓN AO NOVO AEROPORTO DE LAVACOLLA.

En ambos casos o obxecto do contrato é a actualización da base de datos catastral derivada da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas.

1.2.- constan os importes facturados pola empresa nos exercicios 2011, 2012 e 2013 por traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteración físicas ascenden a 291.657,92€ (IVE incluído), segundo o seguinte desglose:

-Año 2011: 87.847,33€.

-Año 2012: 113.592,85€.

-Año 2013: 90.217,74€.

Os certificados aportados refírense exclusivamente á tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas polo que deben terse en conta para acreditar o cumprimento do requisito de solvencia

1.3.- consta que os servizos prestados son eficaces e a plena satisfacción, e a colaboración existente entre o persoal de ambas entidades foi óptimo

2.- certificado expedido pola Deputación de A Coruña

2.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención a que, con data de 10 de xuño de 2010, foi adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL o contrato 114/2010 de CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E CONSTRUCCIÓNS E SOLO RÚSTICO, e con data de 3 de xuño de 2011 foi aprobada a prórroga do mesmo, que se formalizou no contrato 97/2011; fai constar a facturación total dos citados contratos, nos anos 2011, 2012 e 2013, correspondente ás unidades tramitadas por expedientes de alteracións de orde físico e económico (902N, 903N e 904N).


2.2.- consta a relación de facturas desde o 20 de xaneiro de 2011 ata o 22 de outubro de 2012 cos seus respectivos importes, resultando que o importe facturado cada ano é:

-Ano 2011: 562.159,08€

-Ano 2012: 426.374,44€

-Ano 2013: 0,00€

O certificado aportado refírense exclusivamente á tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas polo que deben terse en conta para acreditar o cumprimento do requisito de solvencia



2.3.- consta que a empresa realizou os traballos obxecto dos contratos consonte ás especificacións do Prego de Condicións Particulares que rexen os mesmos.

### 3.- certificado expedido polo Concello de Ferrol

3.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado fai constar que a entidade EIBISA NORTE SL ostenta a condición de adxudicataria do procedemento aberto sobre "servizo de xestión de altas e modificacións das bases de datos da Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña"

Do mesmo enunciado dedúcese que o obxecto do contrato é xenérico e pode comprender actuacións distintas a tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas. Así dentro das modificacións das bases de datos da Xerencia tamén se inclúen as alteracións de orde xurídico.

3.2.- consta o importe facturado polo contrato a que fai referencia o punto anterior nos anos 2011 a 2013. O importe facturado cada ano esixido polo prego é:

-Ano 2011: 21.499,08€

-Ano 2012: 59.477,88€


-Ano 2013: 28.190,58€

O certificado presentado refírese a xestión de altas e modificacións das bases de datos da Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña, sen distinguir os distintos tipos de modificacións polo que non pode deducirse que todo o importe facturado corresponde a tramitación de alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

3.3.- en canto á prestación do servizo, en todos os casos foi satisfactorio, sen que conste a día de hoxe ningunha incidencia nin devolución por parte da Xerencia Territorial do Catastro de A Coruña.

### 4.- certificado expedido pola Deputación de Pontevedra

4.1.- respecto ao obxecto do contrato: o certificado contén unha mención a que: Con data de 7 de maio de 2009, foi adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL o contrato "consultoría e asistencia técnica relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión e Recadación dos Recursos Locais (ORAL) da Deputación Provincial de Pontevedra se desenvolvan as funcións públicas de xestión catastral consecuencia do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral asinado o 13 de xuño de 2001, entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra, así como a súa posible modificación ou ampliación" e o período de duración do mesmo foi de dous anos, rematando dito contrato o 2 de xuño de 2012. No momento de emitir o certificado está vixente o contrato, adxudicado o 4 de setembro de 2012, de "servizo de consultoría e asistencia técnica



relativas ao asesoramento, organización e determinados traballos para que polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión e Recadación dos Recursos Locais (ORAL) da Deputación Provincial de Pontevedra se desenvolvan as funcións públicas de xestión catastral consecuencia do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral asinado o 13 de xuño de 2001, entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra, así como a súa posible modificación ou ampliación”

Fai constar, para ambos, que os servizos contratados consisten en labores de actualización e mantemento catastral que abarcan, entre outros, as seguintes tarefas:

- .- Tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde xurídico (transmisións de dominio – modelo 901N).
- .- Tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde físico e económico (modelos 902N, 903N e 904N).
- .- Actuacións de atención ao público en procesos de revisión catastral (así como cando sexa requirido polo ORAL).
- .- Realización de estudos de mercado, cando así sexa solicitado pola Xerencia Territorial correspondente consonte aos requirimentos solicitados.
- .- Identificación e localización de diseminados que están tributando e non dispoñan de FXCC (en colaboración coa Xerencia/Subxerencia Territorial do Catastro).


Tamén se inclúe no certificado que o 6 de setembro de 2013 foi adxudicado a EIBISA NORTE SL o contrato de “servizo de asesoramento e colaboración material na regularización e actualización dos padróns fiscais, mediante procesos de inspección tributaria, das taxas delegadas polos concellos de Gondomar, Silleda, Pontearreas e a Mancomunidade do Morrazo”, levando a cabo as seguintes actuacións:

- .- A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o cumprimento daqueles feitos ignorados pola Administración, a fin de incrementar o padrón de altas censuais.
- .- A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios a fin de propoñer as modificacións que impliquen no seu caso, a un cambio de titular, modificación da cota ou ambas.
- .- A realización de actuacións de obtención de información relacionada coa aplicación de tributos, aportando todos aqueles documentos que formen a proba sobre a que o órgano competente adoptará as resolucións oportunas.

4.2.- consta o importe total facturado polo contrato a que fai referencia o punto anterior nos anos 2011 a 2013.

-Ano 2011: 198.185,66€  
-Ano 2012: 133.839,83€  
-Ano 2013: 354.010,90€

Fai constar así mesmo que o importe facturado por atención ao público, identificación de diseminados e taxas ascende a:



-Ano 2011: 11.877,08€  
-Ano 2012: 4.669,22€  
-Ano 2013: 95.857.60€

O certificado presentado refírese ao importe total facturado polos tres contratos incluídos no mesmo, e aínda que desglosa a parte facturada por actuacións de atención ao público en procesos de revisión catastral, por Identificación e localización de diseminados e por Taxas, a contía restante correspondería a tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde xurídico, tramitación de expedientes de alteracións catastrais de orde físico e económico (modelos 902N, 903N e 904N) e a realización de estudos de mercado, polo que non pode deducirse que o importe facturado correspondente integramente con alteracións físicas, que é o esixido polo prego.

#### 4.3.- non consta o grao de satisfacción no cumprimento do contrato

Como conclusión do apartado III.1, a xuízo dos que subscriben, non queda acreditado convenientemente o apartado 1 dos criterios de solvencia técnica xa que so se pode ter en conta a facturación que recollen os certificados do Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de A Coruña -que se refiren expresamente a alteracións físicas- pero non os certificados do Concello Ferrol, e da Deputación de Pontevedra -non especifican con claridade que os importes facturados corresponden exclusivamente a traballos derivados da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas- polo que se ben se acredita o mínimo de 600.000 euros no conxunto dos tres anos e o mínimo de 150.000 nos anos 2011 e 2012, no ano 2013 o importe non chega a 150.000€ limitándose aos 90.217,74€ facturados ao Concello de Santiago de Compostela.

Para o caso de que a mesa de contratación entenda que os certificados son válidos na súa integridade, nese caso cúmprese a esixencia dos importes de acordo co seguinte cadro:

	2011	2012	2013	total
Santiago de Compostela	87.847,33€	113.592,85€.	90.217,74€	291.657,92€
Deputación da Coruña	562.159,08€	426.374,44€	0,00€	988.533,52€
Ferrol	21.499,08€	59.477,88€	28.190,58€	109.167,54€
Deputación Pontevedra	186.308,58€	129.170,61€	258.153,30€	573.632,49€
	857.814,07€	728.615,78€	376.561,62€	1.962.991,47€

#### **III.2.- Acreditación de equipo humano.**

Di o segundo apartado dos criterios de solvencia técnica: "Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base



*de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas”*

A documentación presentada polo licitador inclúe unha declaración responsable de que o persoal adscrito á execución dos traballos ten mais de tres anos de experiencia en traballos de actualización da base de datos catastral derivada da tramitación de declaracións ou comunicacións catastrais de alteracións físicas e presenta un equipo de cinco persoas, un especialista en urbanística e xestión do solo, un enxeñeiro informático, un técnico do departamento de tipificación e de control de calidade nos procesos de dixitalización e elaboración do FXCC, un enxeñeiro técnico do departamento de campo e unha delineante experta en procesos de dixitalización e análise ortofotométrico. De cada unha delas presenta:

- 1.- curriculum vitae
- 2.- NIF
- 3.- vida laboral

O informe de vida laboral acredita a alta na Seguridade Social das citadas persoas durante un período superior a tres anos.

Da información contida no currículo despréndese que todos os membros do equipo proposto teñen a experiencia esixida en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas

Como conclusión do apartado III.2, e a xuízo de quen subscribe, queda acreditado convenientemente o apartado 2 dos criterios de solvencia técnica.

### **III.3.- Acreditación de equipo técnico.**

Di o terceiro apartado dos criterios de solvencia técnica: *“Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente”*

A documentación presentada polo licitador inclúe:

- 1.- relación de elementos de hardware que se adscriben ao proxecto.
- 2.- copia das facturas de compra do equipo a que fai referencia o punto anterior
- 3.- a relación software propio así como o correspondente manual de usuario

Se ben esta valoración é mais propia do servizo de informática, as aplicacións informáticas son as recollidas na proposta presentada pola empresa que se estimaron oportunas para a realización dos traballos.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**TESOURERIA**

**IV.- CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN DOS REQUIRIMENTOS DE  
SOLVENCIA TÉCNICA**

En conclusión, e a xuízo dos que subscriben, polas deficiencias detectadas non queda acreditada convenientemente a solvencia técnica nos termos sinalados na cláusula 6.2.2 do PCAP do expediente de contratación CON/10/2014

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2015

O TESOUREIRO

O XEFE DA SECCIÓN DE CATASTRO E CENSOS

Asdo.: Carlos Moure Vieiro



Asdo.: Luís Díaz Villarino



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY10VR	<i>Expediente</i> CON/10/2014	

### ACTA DA 10ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.  
**TIPO DE LICITACIÓN:** 99.173,55 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto.  
**LUGAR, DATA E HORA:** Servizo de contratación do Concello de Santiago, 20 de outubro de 2015, ás 9:05 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dª María Rozas Pérez

**Vocais:** D. Xan Duro, representante do grupo CA

D. Alejandro Sanchez Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Jacobo López de Paz, xefe de área rexional de inspección da xerencia catastro de Galicia – A Coruña

D. Carlos Moure, tesoureiro municipal.

D. Luis Díaz, xefe sección catastro e censos

Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Procédese a dar conta aos membros da mesa de contratación, da resolución do TACRC relativa ao recurso interposto pola empresa **EIBISA NORTE SL**, contra o acordo desta mesa de 15 de xullo pasado polo que se se rexeitaba a súa proposta ao non reunir os requisitos de solvencia técnica definidos na cláusula 6.2.2 do prego administrativo de aplicación.

Vista a resolución citada, pola que se estima o recurso interposto, ó considerar, esencialmente, que a deficiencia no seu momento observada na documentación relativa á solvencia técnica presentada por **EIBISA NORTE SL** debe entenderse xa subsanada, indicando que debe retrotraerse o procedemento a ese punto da licitación, a mesa de contratación acorda:

**Primeiro:** Reiterar a proposta de rexeitamento da oferta presentada pola empresa **LA AUXILIAR DE RECAUDACION SL**, por non reunir os requisitos de solvencia técnica definidos na cláusula 6.2.2 do prego administrativo de aplicación, debendo devolverse toda esta documentación aportada así como as cantidades económicas en concepto de fianza e taxas.

**Segundo:** Deixar sen efecto o requirimento realizado á empresa **SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL**, para que xustificara documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como a acreditación da súa solvencia económica e técnica, e que procedera ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes, debendo devolverse toda esta documentación e cantidades económicas no caso de ter sido xa entregadas.

**Terceiro:** Finalmente, dando cumprimento a devandita resolución do TACRC, e logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **EIBISA NORTE SL**, considerar acreditada a mesma, e polo tanto ratificar a proposta de adxudicación acordada na sesión desta mesa de contratación celebrada o 13 de maio de 2015 a favor do mencionado licitador.

Ás 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA